



**Alfonso Raffin del Riego**

Consultor no sector agroalimentario  
Especialista en alimentación animal e no sector lácteo

## A nova lei do medicamento pode acabar cos veterinarios de campo

► SE O GANDEIRO NON APOIA O VETERINARIO NUNHA NOVA LEXISLACIÓN QUE LLE PERMITA USAR E DOTAR O GANDEIRO DO NECESARIO EN CADA VACA ENFERMA, SÓ HABERÁ VACAS SAS E VACAS NO MATADOIRO. SÓ HABERÁ FARMACIAS E COMERCIAIS, PERO NON VETERINARIOS DE CAMPO

**H**oxe non curo enfermidades de animais. Non uso medicamentos. Pero fun veterinario rural. Escribín unha novela (*Leche de vaca*, 2024) onde queda reflectida a dura vida tanto do gandeiro coma do veterinario rural. Onde se ve o compromiso social de ambos. Onde se constata a súa paixón e o seu amor polos animais.

Non quedan gandeiros. Os fillos dos gandeiros non queren selo. E non quedan veterinarios rurais de vacas, ovellas, cabras e porcos, que auxilien

os poucos gandeiros que sobreviven e loitan acotío por sacar o seu negocio adiante. E van quedar menos da cuarta parte. Que está a pasar?

Antes, os veterinarios, maioritariamente curabamos vacas, porcos, burros e o que nos pedisen. Día e noite, fins de semana, cheos de merda, contraendo enfermidades como a brucelose. Que atractivo podía ter iso para ninguén? Levabamos medicamentos no coche e solucionabamos ao día 20 casos, fodendo as costas, pero sen computadores nin burocracias. Algúns gañaron moito diñeiro, algúns matáronse nunha curva. A quen interesaba iso?

O gandeiro sempre dixo que cobrabamos moito. Pero había onde elixir. E nunca quedaron desatendidos.

Antes apenas había mascotas e aos cans e gatos non se lles operaba nin se lles daba penso. Pero, a cada vez máis triste vida nas cidades, fóra de todo contacto coa natureza, fixo que todo o mundo teña mascota. Hai moitas máis ca nenos. E iso é un negocio impresionante!

As poderosísimas empresas farmacéuticas puxéronse a traballar e orientar os seus recursos cara ás mascotas. E os farmacéuticos dixerón: “Aquí agora hai moito diñeiro”.

Convenceron o Goberno para que todo teña que pasar por eles. E dixerón: “Veterinario, ti corre, mira,

penza, aguanta a trabada do can, esquiva a patada da vaca, a rifa do gandeiro, as extravagancias da señora do gato, os papelames... volve se non cura. Eu agardarei aquí coa miña bata limpa a que veñan mercarme o medicamento”.

Argumentan, que, se non están eles aí, vendendo e cobrando, o veterinario vai tratar co máis caro para lucrase. Meu Deus... sempre vivimos mirando pola economía do dono do animal, arriscando ás veces con tratamentos máis conservadores.

Tamén convenceron os gobernantes de que pasar pola comercial ou pola farmacia garante que non se usen antibióticos ás toas e logo non haxa con que tratar os humanos. Cando eu procuraba non poñerlle nada á vaca que pasase ao leite e multase o gandeiro, ías a unha farmacia e a nai da farmacéutica dá-bache amoxicilina para o catarro ou calquera caixa que tivese por alí e fose parecida.

Se o gandeiro non apoia o veterinario nunha nova lexislación que lle permita usar e dotar ao gandeiro do necesario en cada vaca enferma, só haberá vacas sas e vacas no matadoiro. Só haberá farmacias e comerciais, pero non veterinarios de campo. As receitas virán de Francia ou de non sei onde. E os gandeiros xa non terán un profesional, que, polo menos, os escoite. ■



GALON ALH IBIZIANA ET

Ornia



# Galon



## Nº1 EN ICO NACIONAL E INTERNACIONAL

CONAFE - Enero 2025

- +de 400 hijas
- Alta fertilidad
- +de 2.300 kg de leche
- Disponible en sexado
- EXTRAORDINARIOS CARACTERES DE SALUD



## ¡NOVEDAD!

## MEGAWATT

Disponible en semen  
sexado macho



**ESCOLMO, S.L.**

Distribuidor para Galicia y Asturias  
Rúa Magnolia, 80, baixo  
27003 LUGO  
Tfno. (+34) 982 217 633  
Fax (+34) 982 213 144  
e-mail: escolmo@gmail.com



**aberekin**

Alta Fertilidad  
Genética de Confianza

[www.aberekin.com](http://www.aberekin.com)



# CORBAR

MAQUINARIA

**PRECIOS SIN COMPETENCIA Y FINANCIACIÓN ESPECIAL EN PRECAMPAÑA**



**LEMKEN**

## RODILLOS LLORENTE *Altísima fiabilidad y máxima adaptación al terreno*



### RODILLO MODELO RTA DE 3 CUERPOS

Tubo de 711mmx14mm en 7m e 8m y peso 5500kg - Vendido a: **PABLO ONEGA CASTRO** (Pastoriza) | **SERV. AGRICOLAS RENDA** (Cospeito) | **SAT A REVOLTA** (Villalba) | **O CHUCO S.C.** (A baña) | **GANADERÍA LA LLERA S.C.** (Salas) • Tubo de 820mmx18mm en 8m y peso 6500kg - Vendido a: **FINCA BERMUI S.C.** (Mesia) | **AGROBARREAL** (Sarria) | **SERVIAGRO MERCURIN** (Ordes)

### RODILLO MODELO DAKOTA DE 2 CUERPOS

Tubo 660mmx12mm en 5 m y peso 2850 kg - Vendido a: **MIGUEL HUERTA RODIL** (Castroverde) | **GANADERIA LAS LLAMAS** (Tineo)

### RODILLO LINEAL

Tubo de 711mm x14mm en 3.5m y 4.5 m y peso 2200kg - Vendido a: **OSCAR FRANCO FERNANDEZ** (Salas) | **CASA JULIAN DE CABARCOS** (Barreiros)

### RODILLO MECANICO CON RUEDAS

Tubo de 813mm x18mm en 2.7m y peso 1500kg - Vendido a: **GANADERIA VENTURA** (Coaña) | **GANADERIA SAN MARTIN DE COUCIEIRO S.L.** (Val do Dubra)

### RODILLO MODELO XTRA-LONG DE 3 CUERPOS

Tubo de 820mmx18 mm en 9 m y peso 7500 kg - Vendido a: **SAT AS PANDAS** (Villalba) | **XAN NOVO VILELA** (Outeiro de rei) | **BLANCO SANFOGA S.L.** (Mazaricos) | **GRANXAMOR INTEGRACION S.C.G.** (Trazo) | **ALBERTO GONZÁLEZ CHENTO** (Bama-Touro) • Tubo de 820mmx18mm en 10 m y peso 8200kg - Vendido a: **SAT BUSTO CORZON** (Mazaricos)

**MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L.**

Poligono Industrial O Morelle, nave 4, 27614 Sarria (Lugo)

E-mail: [corbar@corbarsll.com](mailto:corbar@corbarsll.com) Telf. y Fax: 982 53 14 63 [www.corbarsll.com](http://www.corbarsll.com)



INNOVACIÓN, COMPROMISO Y GARANTÍA

# CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

**CORBAR**  
MAQUINARIA

**PRECIOS ESPECIALES  
PARA PROFESIONALES**


CUALQUIER TIPO DE **RECAMBIO** AGRÍCOLA

BATERÍAS CON **3 AÑOS** DE GARANTÍA

DISPONEMOS DE TODO TIPO DE  
**PIEZAS DE DESGASTE** DE ARADOS,  
GRADAS Y CULTIVADORES



**BASTIDOR DE PURÍN**  
ESPECIAL PARA POZOS DE ARENA



**NIVELADORA  
AGRÍCOLA**  
DE 3 PUNTOS




**RODILLO COMPACTADOR  
DE SILO**


**GRADILLAS DE  
CAMAS DE PÚAS**



**CUCHILLA DE MAÍZ**  
4.50 m CON LATERALES ABATIBLES



**ENCAMADORA DE CUBÍCULOS**  
ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 1.7 m<sup>3</sup> Y 2.1 m<sup>3</sup>



## VEN A VISITARNOS

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L.

Polígono Industrial  
O Morelle, nave 4  
27614 Sarria, Lugo

E-mail: [corbar@corbarsll.com](mailto:corbar@corbarsll.com)  
Telf. y Fax: 982 53 14 63  
[www.corbarsll.com](http://www.corbarsll.com)

MECÁNICAS  
**mS**  
Segalés

